# IIIº CURSO DE INICIACIÓN AO GRAO ELEMENTAL DAS ENSINANZAS DE MÚSICA



## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE LUGO CURSO 2011/2012

## ¿Qué É?

No presente curso 2011/2012 o CMUS de Lugo levará a cabo o 3º curso de iniciación ao grao elemental. O curso ten o obxectivo de introducir, formar e Informar aos futuros estudantes das ensinanzas de música.

No primeiro lugar, darlles a oportunidade de coñecer o funcionamento, os espazos, as características específicas do Conservatorio de Música: as súas peculiaridades, o currículo, os obxectivos destas ensinanzas. En segundo lugar, introducirlles sensorialmente nos fenómenos musicais, antes de tomar conciencia dos distintos elementos que conforman a linguaxe musical.

## ¿CÓMO?

O curso vai dirixido aos nenos/as que se encontran na idade axeitada para comezar o Grao Elemental no conservatorio. É dicir: dende os nenos que cumpran 8 anos no ano 2012, ata os que cumpran 14 no dito ano. Terán prioridade os nenos de menor idade, posto que se atopan na idade ideal para comezar ditos estudos.

A realización deste curso non terá carácter oficial para os efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado. Igualmente, a eventual superación deste curso por parte do alumnado **NON LLE DARÁ DEREITO Á CONTINUACIÓN DOS ESTUDOS NO GRAO ELEMENTAL**

## ¿CANDO?

O curso levarase a cabo ao longo do presente curso 2011/2012: en total serán tres cursos dun trimestre de duración, con sesión dunha hora semanal os Luns de 18:00 a 19:00h. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, enviarase unha carta coa adxudicación do neno/a nun grupo.

- GRUPO C (3º TRIMESTRE): 12, 19, 26 de marzo; 16, 23, 30 de Abril; 7, 14 de Maio.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA

DE LUGO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



*CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE LUGO RONDA XOSÉ CASTIÑEIRA nº 5 27002 LUGO*

*TELÉF.. 982250563 PAX.*

*http://centros.edu.xunta.es/cmusdelugo*



## *¿CÓMO?*

*As distintas actividades que se levarán a cabo serán:*

- *Xogos a partir do movemento corporal e a danza.*
- *Escoita activa de pequenas audicións.*
- *Asistencia a audicións, concertos, ensaios e clases que teñan lugar no centro.*
- *Participación conxunta cos diferentes departamentos instrumentais para o coñecemento dos distintos instrumentos.*
- *Charlas informativas cos pais e nais.*

## *¿ONDE?*

**A INCRICIÓN SERÁ GRATUITA, O PRAZO COMPRENDERÁ DENDE O DÍA 2 DE XANEIRO AO 24 DE FEBREIRO, AMBOS INCLUSIVE.** A realización da inscrición efectuarase na oficina do Conservatorio. Establécese un número máximo de 25 alumnos/as por curso, tendo prioridade os nenos/as nados no ano 2004, e asignando o resto de prazas libres por orde de idade. Toda a información sobre o curso estará exposta no taboleiro do Conservatorio e na páx. Web do centro.




## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

NOME DO ALUMNO:

APELIDOS:

NOME DO PAI/NAI/TITOR/A

DATA DE NACEMENTO DO ALUMNO

ENDEREZO POSTAL

TELÉFONO DE CONTACTO

EMAIL

COLEXIO